

VIERNES, 16 de diciembre de 2011

REPORTAJE: ROLDA DAS LETRAS | LUCES

Rosalía e as baleas

Dos poemas de Estevo Creus aos relatos de Manuel Rivas

DOLORES VILAVEDRA | 16 DIC 2011

Archivado en: [Literatura](#) [Cultura](#)

Congratulémonos: de certo, Rosalía volve a estar no centro do interese da novas xeracións investigadoras, como aconteceu noutros tempos que deixaron estudos fundamentais para a interpretación da obra rosaliana. Oxalá aconteza desta volta outro tanto: polo de agora, vaian botándolle un ollo a *Rosalía e Murguía na procura da patria soñada* de Diego Pardo Amado, un útil repaso á recepción crítica da devandita obra entre 1857 e 1916, repaso que se completa cunha escolma das máis salientables achegas que se produciron nese tempo, entre as que se inclúen as *Notas biográficas* de González Besada, nas que durante ben tempo beberon todos os que falaron da vida da insigne escritora, ou o famoso discurso de Javier Vales Faílde, difícil de atopar para as persoas interesadas e exemplo senlleiro da manipulación de que foi obxecto a figura rosaliana. Neste liña, bótase de menos que, malia a ampla atención (non exenta dun certo alento reivindicativo que comparto no fundamental) que Diego Pardo lle dedica ao papel xogado por Murguía na construción da memoria da escritora, non se comente en ningún momento a corrección a que someteu algún dos seus poemas tras o seu pasamento.

Diego Pardo únese á nova
vaga de estudos sobre a
autora de 'Follas Novas'

César Morán pon música
nun libro-disco á lírica de
Cunqueiro

Xavier Queipo conxuga
estilo e eficacia narrativa en
'Extramunde'

Diego Ameixeiras teima coa
trama policial en 'Historias
de Oregón'

E dende a nosa memoria colectiva, sepultada por tantas décadas de opresión e alienación, reaparece outra figura ben dispar, a de Luís Soto, sindicalista e figura destacada do nacionalismo galego de posguerra estudada por Xurxo Martínez González (outro xove investigador, deses que son presente certo e alentadora promesa de futuro) nunha documentadísima biografía (*Luís Soto. A xeira pola unidade galega*) chamada a ser dende xa unha obra de consulta imprescindible para o estudo da nosa historia máis recente.

- Voces singulares. Edicións Positivas segue na procura de voces diferentes, termo que case sempre rima con disidentes, e abre un espazo alternativo dende o que dinamizar o noso discurso poético. Aí reaparecen, grazas a Estevo Creus, as baleas, elevadas na nosa poesía á algo máis que á categoría de etiqueta xeracional por Helena González. *Balea2* é moito máis ca un poemario apto para todos os públicos: é o froito dun acto de socialización do proceso de creación literaria, que nas súas orixes implicou nenos e anciáns arredor da figura da balea. Nun xesto de humildade que nos tempos que corren resulta case

revolucionario, o poeta preséntasenos como o derradeiro elo da cadea creativa ou, mellor dito, o penúltimo, pois somos nós, lectores e lectoras, os chamados a continuala. Pola súa banda Alfredo Ferreiro recolle en *Versos fatídicos* a súa produción inédita e dispersa dende 1994. Libro miscélanee, no que atopamos dende iso que podemos considerar

poemas máis ou menos convencionais ata prosas poéticas ou pseudoaforismos, estes versos son o froito fatídico dunha certa insatisfacción creativa de quen está convencido de que "a vida é unha camisa con talle doutro corpo" e procura na arte literaria (pero non só) "a luz que nos conforta".

Para aqueles que prefiren a poesía máis clásica, pero non por iso menos impactante, velaí o último Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, *Fedor* de Luís Valle. Malia o pouco afortunado dun título que pode resultar equívoco ou desorientador en exceso, a obra propón unha fonda reflexión sobre a morte dentro duns parámetros de rigoroso coidado formal e abrindo o espazo discursivo ao diálogo coa tradición literaria sobre o tema.

Haberá primavera. Catorce poemas, catorce cancións aparece cando imos pechando o Ano Cunqueiro con resultados máis que notables, na miña opinión, que testemuñan como as efemérides poden ser, máis que ritos necrolóxicos, oportunidades de inxectar savia nova ás voces do pasado. Este libro-disco, con 14 poemas do mindoniense musicados e cantados por César Morán, lémbra-nos unha vez máis o extraordinario poeta que era Don Álvaro, quizais a faceta menos evocada e analizada neste 2011 que remata.

Tamén a poesía de Xosé Carlos Caneiro chega a nós nun libro-disco, *Despois de ti, a chuvia*. Axudado pola voz de Emilio Rúa, Caneiro convídanos coa súa poesía a cambiar o mundo, a "mover o silencio". Para os que esqueceran que Caneiro era sobre todo un poeta, esta pode ser unha ocasión de redescubrilo nesa dimensión.

- O xénero estrela. A novela acapara boa parte dos andeis de novidades nestas datas, se cadra por considerala os editores un xénero máis acaído para o agasallo, o que provoca unha enxurrada de novidades contraproducente, pois unhas compiten con outras á hora de resultaren escolleitas. A edición en capa dura, cunha emocionante fotografía na portada, da contística completa de Manuel Rivas, baixo o suxestivo título de *O máis extraño*, é unha ocasión de ouro para obter unha visión de conxunto da produción de quen é xa un dos grandes contistas da historia da literatura galega. Organizada pola orde cronolóxica de aparición dos libros, bótase en falla unha maior minuciosidade editorial á hora de citar cando e onde se publicaron por vez primeira relatos como *O partido de Reis*, ou de explicar por que se despraza *A barra de pan* do seu lugar orixinal (formaba parte da primeira edición de *Ela, maldita alma*) a outra sección da colectánea. Estou a falar de miúnzas filolóxicas que non lle apoñen nada á obra para os lectores do común, pero que suporían un valor engadido pois cómpre non esquecer que Rivas é xa un clásico, aquén e alén nós, e como tal cómpre tratalo (polo menos de cando en vez...).

Tamén en capa dura chega a nós *Extramunde* de Xavier Queipo, un merecidísimo -xulgando sen saber cales foron as outras obras concursantes- Premio Xerais 2011. Con esta novela o autor demostra que a vontade de estilo non está rifada coa eficacia narrativa. Queipo é quen de enfiar unha historia que nos atrapa ata o final, que nos leva da Galicia inquisitorial ata Macao nunha viaxe marítima polos océanos Atlántico e Índico percorrendo terras remotas. Sendo como é unha novela de viaxes e de aventuras, *Extramunde* ofrécenos tamén un convite a tentar entender a nosa condición humana, a pescudar no que somos e en porque o somos, e a aceptar con humildade e afouteza o que hai nas nosas vidas de azar e continxencia. Organizada en catro partes, é na primeira delas, *O santuario dos embruxados*, onde Queipo acada as máis altas cotas de expresividade grazas a un singular e sobrio rexistro que agocha moitas horas de traballo na procura da palabra precisa. A partir de aí, a viaxe na nau dos tolos cobra outro ritmo, máis moroso, o da cotidianeidade dos periplos oceánicos, pero tanto ten: a lectora está xa entregada a personaxes e historia, e non hai volta atrás: avanza canda eles disposta a compartir o seu destino final, sexa este cal for.

Pola contra, *As fiandeiras* de Antonio Piñeiro é unha pequena alfaia lírica que malbarata un excelente argumento (que só chegamos a intuír grazas á esclarecedora nota paratextual

da contraportada) e que demostra que ás veces as árbores do estilo poden impedirnos ver o bosque da historia. Para ler máis coma un abano de exquisitos poemas en prosa ca como unha novela.

Para o público incondicional do policial, Diego Ameixeiras é un valor seguro, aínda que ás súas *Historias de Oregón* saiban a pouco, limitadas como están pola súa condición orixinal de seren pensadas como unha narración por entregas, que lle valería ao autor o Premio que *La Voz de Galicia* concede a este tipo de textos. Certa confusión no desenlace dalgunhas das tramas, e unha menor presenza dos achados que caracterizan adoito o estilo de Ameixeiras son os danos colaterais menores que o formato lle impón a este texto.

E se queren algo diferente, velaí *Semanas, meses* dos fineses Reko e Tina Lundán. É curioso como, sendo máis sonada a literatura sueca, é da finesa da que chegan a nós obras ben orixinais. Velaí o caso de Arto Paasilinna, unha voz radical e singular que tamén podemos ler na nosa lingua. Lonxe da ficción, aínda que os personaxes principais non leven os nomes dos auténticos protagonistas da historia por un elemental sentido do pudor, *Semanas, meses* é un diario a catro mans escrito por unha parella a partir do momento en que a el lle diagnostican un tumor cerebral e lle limitan severamente a súa esperanza de vida. Sen recorrer a morbosas recreacións nos máis escabrosos detalles médicos, dosificando ao máximo o emocional, este diario impáctanos porque consegue que nos identifiquemos cos seus protagonistas, consegue que aceptemos que *el/es* poderíamos ser *nós*. A absoluta sinceridade de Minna, a esposa, á hora de recoñecer o desacougo, a irritación e a frustración que lle produce a enfermidade, ou de Aki, atrapado no egoísmo que todo paciente precisa para protexerse, testemuñan mellor que calquera alarde melodramático o desafío que un proceso tal supón para calquera individuo, para calquera parella.

- Para porlle o ramo a estas datas. Nadal é tempo de tradicións pero, como acontece noutras culturas, precisamos consolidar prácticas laicas que poidamos ir, ano a ano, convertendo en rituais. Unha das máis fermosas pode ser a lectura ou agasallo de libros navideños, deses tan ben editados que mesmo serven para decorar, e que podemos reler ano tras ano cos máis pequenos (ou non...) da casa. As editoras abren o camiño con dúas xoais: as *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* de Antonio Reigosa afonda nas orixes deste tempo mítico para ir achegándose aos costumes festivos de nós e poñer en evidencia, como lles dicía, que algunhas tradicións non o son tanto como cremos. Daquela, por que non inventar outras novas? Volver cada Nadal a Dickens, por exemplo, e ao seu *Canto de Nadal?* do que xa dispomos en galego. Un clásico eterno para todos os públicos. E, se queremos deixar saír o que en nós queda de lembranza da infancia, podemos cantar e ler cos máis pequenos as panxoliñas de *Xa me tardan estes Magos* musicadas por Mamá Cabra.